

# ALGUNHAS NOTAS DA VALENCIA DE MEDO

ANA MOSQUERA

Universidade de Santiago de Compostela

## ABSTRACT

The valency of the term *medo* can be studied from two perspectives according to either a) its nuclear frasal condition or b) its integration into a higher unit where it plays a syntactic function. This paper analyzes both perspectives by considering the relevant issues involved in them.

## RESUMO

A valencia de *medo* pode estudiarse dende dúas perspectivas segundo se atenda á condición de núcleo sintagmático do sustantivo ou se estudie a súa inclusión nunha unidade superior na que desempeña unha determinada función sintáctica. Este artigo esboza as cuestións máis importantes que hai que considerar na análise de ambas perspectivas.

**L** O obxectivo de presente traballo é amosa-los aspectos que deben considerarse ó estudia-la valencia do substantivo *medo*. Princiábase con algunhas explicacións relativas ó concepto de valencia e á pertinencia da súa aplicación en ámbitos non estritamente verbais. Deféndese o seu emprego en marcos nominais e, máis concretamente, en substantivos como *medo*. A continuación esbózanse as liñas que deben guía-la análise deste nome e que pasan por consideralo na súa dobre condición de núcleo sintagmático (é dicir, de elemento con capacidade para selecciona-los seus propios complementos) e de integrante dunha unidade superior na que cumpre unha determinada función sintáctica.

2. O concepto de valencia xurdiu no seo da gramática de dependencias atribuíndose a súa paterni-

dade a Tesnière (1959). En principio este autor propuxo unha distinción certamente atractiva entre complementos verbais obrigatorios e opcionais, aínda que incurriu en erros e incluso contradicións á hora de formulala. Estes defectos non impediron que a proposta callase, especialmente trala contribución da chamada gramática de valencias alemana, que deu definitivo corpo á idea de Tesnière, potenciou a súa vertente semántica e propiciou a súa aplicación a unidades non verbais.

Chégase así a nocións como a empregada neste traballo, tirada de García-Miguel (1995). Segundo ela, valencia é a capacidade combinatoria de calquera unidade gramatical, independentemente da perspectiva dende a que se considere: pode mirar «cara arriba» e ter en conta a capacidade da devandita unidade de subordinarse a outras ou, polo contrario, de non establecer ningunha relación de dependencia (é a chamada «valencia pasiva») e tamén pode mirar «cara abaixo» para así determinar o(s) elemento(s) que esixe ou admite («valencia activa»). Esta proposta amosa a extensión da noción de valencia a outros ámbitos, ademais do verbal para o que inicialmente se concibiu. Non foi, sen embargo, un proceso doado; así, a súa aplicación ó ámbito nominal foi lenta e gradual. En principio, só se recoñeceu capacidade valencial (é dicir, posibilidade de esixir actantes de seu) ós nomes derivados de verbos e adxectivos, ou sexa, de elementos predicativos. O proceso de derivación morfolóxica mediante o que se formaban propiciaba a conservación (total ou parcial) do significado do elemento base e conseguintemente da súa capacidade para seleccionar argumentos. Deste xeito, a valencia destes substantivos xustificábase por herdanza.

O seguinte paso foi recoñecer que algúns nomes non deverbais nin de adxectivos tamén podían ser valenciais. *Medo* é un perfecto expoñente deste pequeno grupo: non procede de ningún termo

predicativo (verbo ou adxectivo) senón da evolución do substantivo latino *metus* e tampouco está vencellado a ningún elemento verbal, polo menos no galego actual. A situación era sensiblemente distinta no latín, lingua na que *metus* se relacionaba co verbo *metuere*. Este dobrete verbo-nominal era, en principio, o máis empregado no campo semántico do medo, por riba de *timor* / *timere*, que o seguía en frecuencia de uso, e de *pavor* / *pavere*, *horror* / *horreere*, *terror* / *terrere*, *tremor* / *tremere* ou *formido*, que aínda se atopaban en puntos máis baixos da escala de frecuencias. O emprego duns ou doutros termos estaba determinado por diversos factores (necesidades métricas, busca de variedade estilística ou cadencia rítmica). Ernout (1957) apunta tamén algúns de índole morfolóxica que ademais lle permiten explica-la diminución de uso de *metus* / *metuere* en favor de *timor* / *timere*. Segundo este autor, os substantivos en *-or* (tipo *timor*) eran moi numerosos, presentaban unha grande homoxeneidade semántica (denotaban impresións psíquicas e morais, sensacións e sentimentos) e tiñan moita produtividade. En todo iso superaban ó grupo de substantivos en *-u* (tipo *metus*), constituído por poucos termos, de significado moi diverso e etimoloxía en xeral escura que provocaba vacilacións e confusións na súa declinación.

Todo iso propiciou un crecente emprego dos substantivos en *-or* en detrimento dos en *-u*, o que conseguintemente trocou as frecuencias de uso de *timor* e *metus*. Se en principio predominaba este último, co paso do tempo inverteuse a situación en favor do primeiro. Os seus respectivos verbos (*timere* e *metuere*) experimentaron unha evolución semellante, de tal xeito que o predominio inicial de *metuere* deu paso á maior frecuencia de *timere*. Este feito reflíctese nas linguas románicas xa que nelas se conservan os derivados de *timere* e *timor* (*temer* e *temor*, respectivamente, en galego), pero non así os de *metus* e *metuere*. O primeiro termo aínda ten certa presenza, fundamentalmente nas linguas do sudeste románico que son as que presentan trazos máis conservadores (*medo* en galego), pero o verbo carece de continuador e tampouco ten substituto de creación romance.

Á vista disto, o triunfo de *timor* sobre *metus* foi só parcial pois non provocou a total desaparición deste termo senón unicamente unha diminución no seu emprego.

En calquera caso, o que interesa salientar é que *medo*, a pesar de non ter orixe verbal nin estar vin-

culado a ningún elemento predicativo, é un substantivo valencial.

3. A súa capacidade combinatoria pode analizarse dende dúas perspectivas distintas:

a) A primeira céntrase en *medo* como núcleo sintagmático, é dicir, como eixe ó que se subordinan varios elementos cos que constitúe unha unidade sintáctica (en concreto, unha frase).

b) A segunda perspectiva é máis xeral xa que analiza a capacidade do substantivo *medo* para subordinarse a outra(s) unidad(es). Para iso estudia a estrutura na que se insire a frase da que el é núcleo.

Estes dous puntos de vista non son excluíntes, senón complementarios. A consideración exclusiva de só un deles proporciona unha visión parcial do substantivo *medo*, polo que parece necesario ter en conta ambos. Vexámoslos máis detidamente.

#### *I. Análise de medo como núcleo sintagmático:*

É o estudio da unidade sintáctica conformada por *medo* e os elementos subordinados a el. O carácter nuclear do substantivo despexa calquera dúbida no tocante á identidade do sintagma: trátase dunha frase, que pode presentar diversas estruturas funcionais. A máis completa de todas é a seguinte:

DETERMINANTE + MODIFICADOR +  
NÚCLEO (*MEDO*) + MODIFICADOR +  
ACTANTE 1 + ACTANTE 2

Obviamente non tódolos ocos funcionais teñen que estar sempre cubertos (de feito sería moi interesante estudia-las variantes combinatorias que admiten, pois é probable que haxa incompatibilidades e exclusións entre elas). Cada unha destas funcións sintagmáticas merece un estudio pormenorizado e individual, do que a continuación esbozámolas súas principais liñas:

*1. Determinante.* É un elemento fundamental para a identificación categorial da unidade e máis concretamente para o establecemento do seu subtipo. En efecto, este variará en función de se o determinante está presente ou non (no primeiro caso trátase dunha frase nominal<sup>1</sup> e no segundo dunha frase

<sup>1</sup> Non considerámola proposta de frase determinante que xurdiu con moita forza nos últimos anos no seo da Teoría da rección e ligamento. Nela o determinante é o núcleo da construción ó se-lo elemento que a caracteriza e, ó tempo, condicióna os trazos dos restantes integrantes da mesma.

substantiva). *Medo* admite ambas estruturas, aínda que as que carecen de determinante presentan uns riscos particulares que aconsellan o seu tratamento individualizado: o substantivo aparece nelas vencellado a un reducido grupo de verbos (*dar, ter e meter*, fundamentalmente)<sup>2</sup> ou actúa como termo de frase preposicional (*levantouse cedo por medo a chegar tarde*, unha película *de medo*).

A función sintáctica de determinante está desempeñada por demostrativos, posesivos, artigos, indefinidos e numerais. Hai que establecer se *medo* é compatible con todas estas unidades ou, polo contrario, exclúe a combinación con algunha(s) delas. Así mesmo conviría sinala-las repercusións que se derivan do emprego dunhas ou doutras (o posesivo, por exemplo, esixe a presenza do artigo e exclúe a do primeiro actante: *o medo do rato ó gato / o seu medo ó gato / \*seu medo ó gato / \*o seu medo do rato ó gato*).

Outras cuestións a considerar neste apartado son as posibles combinacións de determinantes e a distribución dos elementos nelas (*ese medo seu, ese seu medo, un medo aquel, \*un aquel medo*).

2. *Modificadores*. Son elementos opcionais e, por tanto, non esixidos polo núcleo. O seu estudio debe establecer se están vencellados a certos tipos de unidades (frase adxectiva ou cláusula de relativo: *o gran medo, o medo que se palpaba na xente*) ou presentan maiores posibilidades de realización formal. Ademais ten que determinar se as dúas posicións sinaladas no esquema (antes e despois do nome) son as únicas posibles ou admite tamén outras. En relación con isto débense analiza-las circunstancias de coaparición sintagmática: hai que ver cantos modificadores poden aparecer simultaneamente con *medo* e baixo que condicións o fan (quizais só poidan estar coordinados nunha determinada posición, sexa esta pre ou posnominal, ou quizais non sufran restriccións de ningún tipo e só haxa que determina-la xerarquía que se establece entre eles xa que non poden estar situados ó mesmo nivel: un *absurdo medo infantil*).

Á marxe destas cuestións formais, o ámbito semántico dos modificadores tampouco debe ser esquecido. Ten que haber compatibilidade entre o significado do núcleo e o dos seus adxacentes para que a súa combinación sexa posible. En caso contrario xerárase unha secuencia agramatical. Hai

pois que estudia-las restriccións existentes, obviamente dende a perspectiva de *medo*, xa que se trata do elemento rexente e, por tanto, é o que marca as directrices a cumprir polos seus subordinados.

3. *Medo*. É o núcleo, o elemento ó redor do que xiran os restantes integrantes da secuencia. Ten carácter predicativo e, por tanto, capacidade para esixir argumentos: establece que han ser dous actantes (valencia cuantitativa) e determina as características sintáctico-semánticas dos mesmos (valencia cualitativa). As primeiras están determinadas pola propia idiosincrasia nominal que fai que os seus actantes só poidan expresarse mediante frases preposicionais, a diferenza dos argumentos verbais, por exemplo, que presentan un abanico moito máis amplo de posibilidades formais (adxancia, concordancia ou as propias frases preposicionais). Pola súa banda, as características semántico-categorais dos actantes dependen do particular significado de cada núcleo. Así, o semantismo de *medo* («sentimento desagradable que se ten ante algo que asusta», segundo definición do *Diccionario da lingua galega* de Santillana) esixe un ser consciente que experimente a devandita sensación e unha causa propiciadora da mesma.

4. *Actantes*. Os dous argumentos esixidos por *medo* están subordinados a el e, ó tempo, condicionados nos seus principais trazos. Non son estritamente obrigatorios, de tal xeito que poden aparecelos dous (*o medo do rato ó gato*), só un (*o medo do rato, o medo ó gato*) ou incluso é posible que ningún deles estea presente (*o medo é libre*).

Denominamos A1 ó actante que denota o ser consciente que experimenta medo e A2 ó que designa a causa propiciadora deste sentimento. A asignación de número non ten maiores implicacións e responde a un criterio exclusivamente ordinal (de orde ou posición dos actantes nas secuencias nas que ambos concorren). Así, asignámoslle o número 1 ó actante que aparece máis frecuentemente tralo substantivo *medo* e o 2 a aquel que tende a situarse tralo actante 1. Isto non implica que estas posicións sexan fixas; as inversas tamén son factibles aínda que quizais presenten un menor índice de frecuencia (*o medo do rato ó gato / o medo ó gato do rato*).

A1 é un actante formalmente previsible xa que sempre se expresa mediante unha frase preposicional introducida por *de*. A2 presenta máis variantes, o que lle confire un especial interese. As cuestións susceptibles de análise nel son:

<sup>2</sup> Ver proposta de análise destas secuencias no subapartado II (análise da unidade na que se integra a frase da que é núcleo o substantivo *medo*).

a) *A preposición introductoria*: pode ser *a*, *de* ou *por*, o que fai necesario estudia-la súa distribución e os factores determinantes da mesma. Non se trata, como é obvio, dun emprego arbitrario nin aleatorio senón que está determinado por diversos factores (semantismo da preposición, presenza ou ausencia doutros actantes, etc). *De* é a preposición nominal por excelencia, non está marcada e a penas ten significado; de aí que poida introducir calquera actante. De feito, encabeza sempre A1, aínda que é menos habitual en A2, especialmente cando concorren ambos argumentos (*\*o medo do rato do gato*). A2 tende a leva-la preposición *a*, que conserva parte do seu significado e marca a causa que provoca o medo (establece a dirección cara á que se orienta este sentimento: *o medo á escuridade*). *Por* é a preposición menos empregada das tres xa que ten un significado moi preciso que a restrinxen a denota-lo ser ou obxecto polo que se experimenta temor (*o medo polos nenos, o medo polo que poida pasar*).

b) *Tipo de unidade que actúa como termo da frase preposicional*: esta función pódela desempeñar unha FN (*o medo ás ratas*) ou unha cláusula (*aviseino cun telegrama porque tiña medo de que non lle chegase a tempo a carta*). Este último caso é especialmente interesante, sobre todo pola presenza dunha forma verbal que pode estar ou non conxugada. No primeiro caso hai que determinar cal é o tempo e especialmente o modo da mesma. En principio todo apunta a un emprego maioritario, senón exclusivo, do subxuntivo, aínda que é un dato que habería que confirmar. Así mesmo deberíanse analizar as causas e posibles implicacións derivadas do emprego dun determinado modo verbal: ¿está relacionado co semantismo de *medo*?, é dicir, ¿o feito de que este substantivo pertenza ó campo semántico do temor incide na modalidade verbal da cláusula completiva?

Se a forma verbal da cláusula completiva é infinitiva non está conxugada e, por tanto, carece dos trazos de modo, tempo e aspecto. Isto fai que o interese da construción se centre na aportación do infinitivo, no significado que confire á estrutura (unha proposta a analizar é a dos autores que consideran que se produce un proceso de focalización do verbo *temer* que pasa a nome mediante un desdoblamento en verbo + CDIR *-ter medo -*).

Outra cuestión que hai que considerar no estudo do termo clausal é a posibilidade de que se produza queísmo, é dicir, ausencia da preposición

introductoria diante da completiva (*\*tiña medo que non viñeses*). Pode que non haxa moitos exemplos pero sería moi interesante estudia-las circunstancias nas que aparecen (registros coloquiais e/ou vulgares e contextos de certo descoído no emprego do idioma) así como as causas que os xeneran (posibles cruzamentos e analoxías entre estruturas como *temo que non veña, teño temor de que non veña* → *\*temo de que non veña, \*teño temor que veña*, que se fan extensivas a secuencias similares como as que nos ocupan: *teño medo de que* → *\*teño medo que*).

II. *Análise da estrutura na que se insire a frase da que é núcleo medo*:

O sintagma encabezado por *medo* intégrase noutra unidade sintáctica que tamén é conveniente analizar para así obtermos unha completa visión do substantivo que nos ocupa. Esa unidade pode ser unha cláusula (*tiña medo a perde-lo tren*) ou unha frase preposicional (*unha película de medo*), circunstancia esta determinante á hora de establecer a función sintáctica que desempeña nelas a frase de *medo*. Se é unha cláusula, adoita actuar como suxeito (*o medo de Eva é totalmente irracional*) ou complemento directo (*a escuridade dálle medo*) (evidentemente hai outras posibilidades, aínda que as sinaladas son as máis habituais). Se o sintagma de *medo* integra unha frase preposicional, non ten máis opción cá de desempeña-la función de termo (*levantouse cedo por medo a chegar tarde*), independentemente de que logo esa frase forme parte doutra unidade superior e desempeñe nela, á súa vez, unha determinada función sintáctica (complemento circunstancial no exemplo anterior).

Restrinxíndonos ó ámbito estrictamente clausal, hai certas secuencias que merecen un comentario especial: son as constituídas por un reducido grupo de verbos (*ter, dar e meter* fundamentalmente) e o substantivo *medo*. Resulta máis complicado asignarlles un determinado estatus a estas estruturas, isto é, clasificalas nalgún tipo de construción sintáctica, que poñer de manifesto as súas particularidades (certo grao de lexicalización e fixación, ausencia de determinantes, significado non compositivo). Damos conta de seguido dalgunhas propostas que convén considerar (estructuras fixas, incorporación nominal e construcións de verbo soporte) e das pautas que deben guiar a súa análise.

A) O estudo das expresións fixas permite, senón catalogar como tales ás secuencias de *medo*, si esta-

blece-lo seu grao de lexicalización ou idiomaticidade. Iso é posible porque a fixación é un concepto gradual, non estable nin inmutable, do que se pode establecer unha escala. Nun extremo da mesma estarían as expresións fixas que, como o seu nome indica, presentan o grao máis alto de invariabilidade, mentres que no outro se situarían as estruturas que presentan un índice máis baixo de fixación, quedando as posicións intermedias para secuencias con distintos niveis de inmutabilidade. Hai probas para establecer tal clasificación: as que determinan o máximo grao de fixación son a imposibilidade de efectuar trocos na expresión, a invariabilidade da(s) categoría(s) gramaticais implicadas, a non adición de novos elementos e a imposibilidade de substituí-los seus compoñentes. Segundo respondan a estes criterios, así será o grao de fixación e idiomaticidade das secuencias de *medo*.

B) A incorporación nominal (en diante IN) é un fenómeno lingüístico moi frecuente en linguas «exóticas» ou, cando menos, sensiblemente diferentes da nosa (amerindias, aboríxenas australianas e similares). Consiste en que un nome que normalmente actúa como complemento directo (aínda que tamén pode desempeñar outra(s) función(s) sintáctica(s)), perde a súa independencia e se integra no verbo rexente. A incorporación é morfolóxica se ambos elementos se fusionan nun único termo léxico e sintáctica se cada un deles mantén a súa independencia léxica. En calquera dos dous casos xorde un novo elemento predicativo de especiais características (cfr. Mardirussiam, 1975).

O galego carece de estruturas nas que o substantivo se integre lexicamente no verbo (incorporación morfolóxica). A dúbida radica en se presenta casos de incorporación sintáctica pois hai propostas neste senso para exemplos como os de *ter medo* e *dar medo*. Para despxear tal incógnita é necesario compara-los trazos destas secuencias cos presentados polas construcións incorporadas, aínda que xa podemos adiantar que non coinciden. Hai certa semellanza no ámbito semántico (o significado é composicional nos dous casos xa que non resulta da suma dos significados individuais dos elementos implicados e apréciase certa lexicalización nas estruturas). Non se percibe, sen embargo, a mesma identidade no apartado sintáctico pois as secuencias *ter medo* e *dar medo* permiten a introducción de modificadores e determinantes (*dáme moito / pouco / bastante medo; ten un gran medo ás alturas*) e a súa valencia verbal non

experimenta variacións nin de índole cuantitativa nin cualitativa, ó contrario do que ocorre na IN. Isto débese a que *medo* non perde en ningún momento a súa condición de CDIR, tal e como o confirma o feito de que cada novo elemento que se engade á secuencia exerce calquera función agás precisamente esa (actúa como modificador en *teño medo do que poida pasar* e como suxeito en *dáme medo pensar no que lle puido ocorrer*).

O argumento anterior neutraliza outros que parecen apuntar en dirección contraria ó negar que *medo* sexa CDIR. Entre eles salientan as probas normalmente empregadas para identificar esta función sintáctica (conmutación por pronome átono e pasivización), aínda que o resultado negativo que proporcionan ó seren aplicadas ás dúas secuencias que nos ocupan se debe máis á incompatibilidade destas probas coa indeterminación nominal que a propia funcionalidade dos elementos (cfr. García-Miguel, 1995): *Ana ten medo do que poida pasar* → *\*Ana teno / \*Medo do que poida pasar é tido por Ana; á miña nai dálle medo pensar no que puido ocorrer* → *\*A miña nai dállo / \*Por pensar no que puido ocorrer medo é dado á miña nai*.

C) Unha terceira opción a considerar é a das construcións de verbo soporte, constituídas por un verbo transitivo e un substantivo que actúa como CDIR. O verbo pertence a un conxunto limitado (*dar, ter, facer, poñer...*), ten un significado moi amplo aínda que nestas construcións se presente sen a penas semantismo e actúa como soporte sintáctico e morfolóxico do substantivo (proporciona a base necesaria para que a construción poida darse). Pola súa banda, o substantivo é o lle que aporta o semantismo á secuencia (compárese *dar medo, dar envexa* e *dar pena* onde o nome permite diferenciarlas construcións), ten carácter predicativo pois existe argumentos e incluso selecciona ó verbo (*ten medo pero \*posúe medo*).

A construción de verbo soporte adoita ter un verbo simple como correlato (*ter medo* → *temer*) e caracterízase por presentar un significado composicional que non resulta da suma estricte dos significados individuais dos seus compoñentes. Así *ter medo* non denota ningunha posesión física e *dar medo* tampouco fai referencia ó traspaso dun obxecto concreto. Sería moi interesante comparar estas secuencias con outras similares para así apreciar a súa progresiva degradación sintáctico-semántica ou, o que é o mesmo, o seu carácter marcado fronte ó non marcado das construcións base. Así por exem-

plo, *dar medo* oponse a *dar un libro* no ámbito semántico (non denota o traspaso de ningún obxecto físico) pero non no sintáctico (comparte a súa mesma estrutura funcional: SUXEITO-PREDICADO-CDIR-CIND), a diferenza de *dar un salto*, que presenta variacións nos dous planos (non admite CIND e semanticamente non designa ningún traspaso físico) (cfr. Melero e Gràcia, 1990).

Os apuntamentos anteriores parecen indicar que as secuencias *ter medo* e *dar medo* son construcións de verbo soporte. Non obstante é necesario profundar no seu estudo para así poder determinar con maior precisión a viabilidade desta opción e a xustificación da mesma.

4. As pautas establecidas en páxinas anteriores para o estudo valencial de *medo* proceden da observación de exemplos illados e das reflexións suscitadas polos mesmos, polo que, sería conveniente contrastalas cun corpus máis amplo e variado tanto en termos cuantitativos como cualitativos. Este labor, que constitúe o complemento perfecto e, ó tempo, imprescindible do estudo aquí proposto, queda, pois, pendente.

## BIBLIOGRAFÍA

- ERNOUT, Alfred (1957): «*Metus-timor*. Les formes en -us et en -os (-or) du latin», *Philologica* II, páxs. 7-57.
- GARCÍA-MIGUEL, José M.<sup>a</sup> (1995): *Las relaciones gramaticales entre predicado y participantes*, Lalia, Universidade de Santiago de Compostela.
- MARDIRRUSSIAM, Galust (1975): «Noun incorporation in Universal Grammar», *Papers from the 11<sup>th</sup> Regional Meeting*, Chicago, Chicago Linguistic Society 11, páxs. 383-389.
- MELERO, Maite y GRÀCIA, Olga (1990): «Construcciones de verbo soporte», *Actas del Congreso de la SEL, XX aniversario* (volumen II), Madrid, Gredos, páxs. 653-667.
- MIRA PÉREZ, Patricia Noemí (1994): «El infinitivo como complemento del nombre», *Panorama de la Investigación Lingüística a l'Estat Espanyol. Actas del I Congrés de lingüística General*, volume IV, Valencia, Universidade de Valencia, páxs. 145-148.
- RAG-ILG (1995): *Diccionario da lingua galega*, Vigo, Obradoiro-Santillana.
- XOVE FERREIRO, X. e outros (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*, Real Academia Galega-Instituto da Língua Galega, A Coruña.
- ZULUAGA, Alberto (1975): «La fijación fraseológica», *Thesaurus*, BICC, XXX 2, páxs. 225-248.